

A ARTE DA INQUEDANZA

Adeus, Arturo

Maruxa colleume do brazo e preguntou-me por que ía a xente tan rápido. Mirei ao redor e non notei un ritmo diferente na vida de Ourense. Paramos no semáforo e de súpeto miña nai dixo: «tanto cambiou a vida para que teñan que andar todos a correr?»

Creo que nunca nos coñecemos en persoa, pero sinto a súa perda coma se fose un amigo. O seu mundo interior, cheo de matices e de historias invisibles, forma parte da historia de Ourense, e este ano celébranse cincuenta anos da súa obra máis popular e fascinante: o Belén de Baltar.

Levo indo velo dende pequena, sempre con miña nai, e sempre paramos alí, na praza de San Cosme, máis de dúas horas. É imposible describir nesta pequena columna a cantidade de vida que unha pode atopar visitando o seu espazo no casco histórico de Ourense. Escenas da vida cotiá e non tan cotiá: dende mulleires pelando patacas até a botica, a taberna ou o café cantante. Escenas relixiosas e profanas. Unha descrición da vida en barro, cargada de emoción pura, cargada de historias.

Arturo Baltar non chegou ao Nadal este ano. Morreu esta semana e coa súa morte perdemos un artista xenuíno, dos de antes. Un artista que atopou unha linguaxe única para contar as historias que forman parte do noso xeito de ser. Historias de morriña e de melancolía, tinxidas de humor e amor.

Nunca entenderei que é o que fai que uns artistas transcendan e outros non. Pero aínda que Arturo Baltar xa non está, a súa obra perdurará e o seu universo de cousas miúdas pasará á historia como un increíble retrato sociolóxico, en barro, do meu querido Ourense. Iso si, do Ourense pausado do pasado, no que por moito que unha corra non fa chegar máis lonxe...

Muy de cerca : Xan Rodríguez Silvar Presidente da Sociedade Galega de Historia Natural

«Galicia non está no bo camiño»

JORGE CASANOVA

Algúns mestres sono toda a vida; dentro e fóra das aulas. Xan Rodríguez Silvar (Ferro, 1953) é o tipo que todos queríamos ter diante daqueles tempos de pupitre e encerado, ou tableta, que tanto ten. O que conta é o mestre. Pero coidado, Xan é máis cousas: entre elas, gaitero, presidente e cofundador da Sociedade Galega de Historia Natural (SGHN) e un dos máis reputados ornitólogos do país. Falamos nunha ruidosa cafetería da súa cidade onde consegue

poñer a conversa por riba do barullo sen ter que levantar moito a voz.

—Xubilado xa.
—Non pensaba, pero pasou. Chegaron os sesenta tacos e ademais estaba de *dire* no instituto; é dicir, nun *fregado* potente. Pero pensei que podía vivir co que gañaba e que fisicamente aínda estaba ben, así que decidín dar o paso.

—E que tal lle vai?
—Moi ocupado porque neste tempo o meu fillo decidiu ter un par de netos e pasei a integrar a sección esta de auxiliar de conciliación familiar, ha, ha. Tamén retomei a SGHN; volvívín á faena.

—Bota de menos o ensino?
—Como deporte si, ha, ha. Encántame a adolescencia.

—Pois debe ser o único.
—Si. É como se me pregunta se me gustaría ser gaitero profesional, diría que prefiro ser *amateur* e tocar cando me dá a gana. Con respecto á docencia descubrí que me gustaba transmitir. Non é que estea desesperado por dar clase, pero cando teño

ocasión e me convidan a participar nalgúnhas xornadas, si me gusta. O que non boto de menos é madrugar, a burocracia...

—A cantos alumnos botou da clase?

—En 35 anos non pasan de dúas expulsións. Ou tres.

—Seguro que se acorda delas.

—Si. É seguro que os expulsados tamén.

—E a vostede, expulsárono al-

gunha vez?

—Hummm. Tanto como expulsión, non. En realidade fun un mal estudante, pero iso axudoume a ser un profesor pasable. Souben o que era estudar en verán. Ter esa óptica do mal alumno deume unha visión cómplice á hora de tratar con alumnos con problemas.

—Falaba antes da SGHN. Forman vostedes un colectivo moi serio nun ambiente de moito ruído.

—Hai 43 anos que fundamos a Sociedade con tres obxectivos: coñecer, divulgar e conservar. Quixemos falar pouco pero facer argumentacións difícilmente refutables e manter independencia.

—E como está Galicia?

—Galicia está mal ou non está no bo camiño para nada. Temos un problema de falta de política ambiental e económica e o cambio climático cóllo nos co pé cambiado e fatal dende o punto de vista demográfico.

—Como ornitólogo dígame o nome do peor «paxaro» de Galicia. E teña en conta as aspas.

—Pois eu diría que non é un nome en concreto senón un prototipo: o político autonómico con capacidade de decisión pero que non actúa. É unha especie moi nociva e xa me tocou observar as desfeitas causadas por decisións non tomadas.

—Ten un invitado que nunca estivo en Galicia e só dispón dunhas horas. Onde o leva?

—Por proximidade iría ao cabo Prior, Ortegal, ás fragas do Eume e ás do Bellelle.

—Defínase en catro palabras.

—Curioso, xeneroso (gústame compartir), xusto (descolócame a inxustiza) e vividor, no bo sentido.

—E faga agora ese exercicio con Galicia.

—Sabía, xeneroso, dura e magnética, por atraente.

—Falemos de cousas serias, gústalle o fútbol?

—Non. Véxoo se cadra co meu fillo menor, que lle gusta e é do Real Madrid. Unha vez fomos ver o Madrid contra o Ostende. Aínda estaba a Quinta do Buitre. Perdeu deshonrosamente o Madrid e o meu fillo, que tiña dez anos, viu á xente que acabou aplaudindo ao Ostende, pero tamén puido ver aos Ultras Sur. Creo que foi un antídoto antiultra.

—De que se arrepinte?
—De bastantes cousas, porque intentei facer bastantes cousas, aínda que non me arrepinto de telo intentado.

—Como é para vostede un día perfecto?

—Un día onde poida dar un paseo por algún dos meus sitios preferidos, onde podo facer algo con alguén dos temas que me gustan, a música, o medio ambiente..., un día no que podo ver os meus netos e, se acabo con logo, pois de cine.

—Logo?

—Entredoume o meu fillo menor.

—Ese fillo lévao por todas partes.

—Si. Tamén me invitou a Londres a ver un concerto de jazz. Mercou as entradas, pero o resto da fin de semana pagueina eu, ha, ha.

—Elíxa unha canción.

—Summertime. En versión de Tete Montoliu.

—O máis importante na vida?

—Saber vivirla.



ILUSTRACIÓN PINTO & CHINTO



Real Asociación
Amigos
Museo
Reina Sofía

GRACIAS

A todos nuestros socios.

Por su generosa colaboración con la que podemos apoyar al Museo a través de donación de obras de arte y otras acciones.

Tú también puedes colaborar y disfrutar de las ventajas de ser socio.

www.amigoseinstituto.org
C/ Santa Isabel, 52 • 28012 • Tel.: 915 304 287
asociación@amigoseinstituto.org